



SOLICITUDE DE OFERTAS PARA A FORMALIZACIÓN DE OPERACIÓNS DE ENDEBEDAMENTO

Co obxecto de executar o programa de endebedamento e cubrir as necesidades de financiamento do presente exercicio e/ou reestruturación e de conformidade co artigo 37 da Lei 2/2018, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2019, a Xunta de Galicia ten a intención de ir formalizando ao longo deste ano diversas operacións de endebedamento, para o que estariamos interesados en recibir das diferentes entidades financeiras especializadas as súas propostas de operacións de financiamento ao longo do exercicio.

Solicitamos, polo tanto, ofertas para a realización de operacións (tanto a curto como a longo prazo), cuxo custo deberá cumprir os requisitos establecidos pola correspondente Resolución da Secretaría General del Tesoro y Política Financiera que define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento das comunidades autónomas que se acollan ao Fondo de Financiamento ás CCAA.

As ofertas que se presenten deberán especificar as seguintes condicións:

1. Formato da operación: Emisión de débeda, préstamo ou schuldschein.
2. Moeda.
3. Importe en euros, aínda que a operación sexa en moeda distinta.
4. Prazo.
5. Perfil de amortización.
6. Prezos de emisión e reembolso.
7. Tipo de xuro.
8. Swap: para o caso de presentarse ofertas en moeda distinta ao euro ou cun tipo de xuro con referencia distinta ao Euríbor, deberá presentarse o correspondente swap que elimine o risco de tipo de cambio ou o risco derivado da referencia distinta ao Euríbor.
9. Marxe sobre a referencia
10. Comisións ou gastos
11. Período de vixencia da oferta
12. Custo "All-in" da oferta (no caso de presentar ofertas con swap, o custo all-in da oferta exprésarase despois da formalización do citado swap)

As entidades interesadas poderán ir presentando as ofertas ao longo do presente exercicio 2019 á seguinte dirección de correo electrónico:

OperacionsFinanceiras@conselleriadefacenda.es

O prazo para a presentación de ofertas remará o 31 de decembro de 2019.